

A ECONOMÍA DE ENTREGUERRAS

"Se o que nos propoñemos é que, polo menos durante unha xeración Alemaña non poida adquirir sequera unha mediana prosperidade; se cremos que todos os nosos recentes aliados son anxos puros e todos os nosos recentes inimigos, alemáns, austríacos, húngaros e os demais son fillos de do demo; se desexamos que, ano tras ano, Alemaña sexa empobrecida e os seus fillos mórranse de fame e enfermen, e que estea rodeada de inimigos, entón rexeitemos todas as proposicións xenerosas, e particularmente as que poidan axudar a Alemaña a recuperar unha parte da súa antiga prosperidade material. (...).

Se tal modo de estimar ás nacións e as relacións dunhas con outras fose adoptado polas democracias da Europa occidental, entón, ¡que o Ceo nos salve a todos! Se nós aspiramos deliberadamente ao empobrecemento da Europa central, a vinganza, non dubido en predicilo, non tardará."

J. M. Keynes. As consecuencias económicas da paz. 1919.

"Naqueles tempos as complicacións cotiás da vida na capital eran tales que se precisaban amplos coñecementos matemáticos para as cuestións máis elementais. A prensa de cada mañá publicaba os prezos do día:

Billete de tranvía.....50.000 marcos. (...).

Coches de cabalos.....300.000 marcos.

Baños públicos.....115.000 marcos.

Asistencia médica.....80.000 marcos."

Adam Fergusson. Cando morre o diñeiro

"En tempos de hiperinflación, un quilo de papas pode valer máis que toda a prata da familia e un anaco de carne máis que o piano de cola. Unha prostituta na familia é mellor que un fillo morto; roubar é preferible a pasar fame; non pasar frío é máis importante que conservar o honor; o vestirse está antes que as conviccións democráticas e comer é máis necesario que a liberdade"

Adam Fergusson. Cando morre o diñeiro.

"A clase alta, con todo, dona do poder e da riqueza, non se deu conta do perigo que ameazaba o fráxil equilibrio da súa posición. Os ricos divertíanse bailando o charlestón e os novos ritmos o jazz, o fox-trot e unhas cumbias de negros que eran unha marabillosa indecencia. Renováronse as viaxes en barco a Europa, que se suspenderon durante os catro anos de guerra e puxéronse de moda outros a Norteamérica. Chegou a novidade do golf, que reunía á mellor sociedade para golpear unha pelotíña cun pau, tal como douscentos anos antes facían os indios neses mesmos lugares. As damas poríanse colares de perlas falsas ata os xeonllos e chapeus de ouriñal afundidos ata as cellas, cortáronse o pelo como homes e pintábanse como meretrices, suprimiran o corsé e fumaban perna arriba. Os cabaleiros andaban cegados polo invento dos coches norteamericanos, que chegaban ao país pola mañá e vendíanse o mesmo día pola tarde, malia que custaban unha pequena fortuna e non eran máis que un estrépito de fume e roscas soltas correndo a velocidade suicida por uns camiños que foron feitos para os cabalos e outras bestas naturais, pero en ningún caso para máquinas de fantasía. Nas mesas de xogo xogábanse herdanzas e as riquezas fáciles da posguerra, destapaban o champán, e chegou a novidade da cocaína para os máis refinados e viciosos.?"

Isabel Allende. A Casa dos Espíritos. Ed. Praza e Janés. Barcelona, 1992.

“O Congreso pode considerar o presente con satisfacción e encarar o futuro con optimismo, xa que a fonte principal para esta bendita situación sen precedentes reside no carácter do pobo norteamericano.”

Calvin Coolidge. Declaracións. Decembro de 1928.

“Para aqueles de nós que vivimos os anos da Gran Depresión, aínda resulta incomprendible que a ortodoxia do mercado libre, tan patentemente desacreditada entón, poida presidir novamente un período xeral de depresión a finais dos oitenta e principios dos noventa, no que se demostrou igualmente incapaz de aportar solucións. Este estraño fenómeno debe servir para recordarnos un gran feito histórico que ilustra: a increíble falta de memoria dos teóricos e prácticos da economía. É tamén unha clara ilustración da necesidade que a sociedade ten dos historiadores, que son os “rememoradores” profesionais do que os seus cidadáns desexan esquecer.”

E. Hobsbawm. Historia do século XX.

“Moi pronto, un negocio moito máis atractivo que o teatral atraeu a miña atención e a do meu país. Era un asuntiño chamado mercado de valores (...). Se un compraba oitenta mil dólares de accións, só tiña que pagar en efectivo vinte mil, o resto deixábaselle a deber ao axente (...). O mercado seguía subindo e subindo (...). O máis sorprendente do mercado en 1929 era que ninguén vendía unha soa acción. A xente compraba sen cesar (...). O fontaneiro, o carnicero, o home do xeo, todos anhelando facerse ricos arroxaban os seus mesquiños salarios” e en moitos casos os aforros de toda a vida” en Wall Street (...). Un bo día o mercado empezou a vacilar. Algúns dos clientes máis nerviosos foron presa do pánico e empezaron a vender (...); ao principio as vendas facíanse ordenadamente, pero pronto o pánico botou ao carón o bo xuízo e todos empezaron a lanzar ao rodo os seus valores (...) e os axentes empezaron a vender accións a calquera prezo (...). Logo, un día, Wall Street tirou a toalla e derrubouse. Iso da toalla é unha frase adecuada porque para entón todo o país estaba chorando.”

Groucho Marx. Groucho e eu, 1981.

“Edward Stone, importante especulador bursátil, chegou a casa ás seis da tarde do Xoves Negro. Cos ollos toleados gritou á súa filla Edith:

- Non podemos conservar nada. Non teño nin un centavo. A Bolsa afundiuse. Quedámonos sen nada. ¡Nada! ¡Vou matarme! É a única solución. Teredes o seguro...

E botou ás presas en dirección á terraza (...). Un paso separáballe da varanda cando Edith logrou agarrarlle un pé e retorcerllo ata derribalo (...). Entón interveu a esposa, que lle zorregou repetidas veces e, ao fin, Edward Stone empezou a reaccionar (...). Todo pasara en menos de cinco minutos.

Comezaron a chegar os criados, a quen houbo que dicir que se caeu.

Ao final, xa máis acougado e na súa habitación xunto a súa muller e filla, logrou contar o ocorrido. Estaban na máis completa miseria. Ese día perdera máis de cinco millóns de dólares.

Gordon Thomas. O día en que se afundi a Bolsa. 1984.

“E entón os desposuídos foron empuxados cara ao oeste (...). Carretadas, caravanas, sen fogar e famentos, vinte mil, cincuenta mil e douscentos mil (...). Correndo a atopar algún traballo para facer: levantar, empuxar, tirar, recoller, cortar. Calquera cousa, calquera carga con tal para comer. Os cativos teñen fame. Non temos onde vivir. Como formigas correndo en busca de traballo e,

sobre todo, de terra (...).

Os homes, que crearon novas froitas no mundo, son incapaces de crear un sistema grazas ao cal poder comer. E este fracaso cae sobre o Estado como unha gran catástrofe (...). E nos ollos da xente hai unha expresión de fracaso, e nos ollos dos famentos hai unha ira que vai crescendo. Nas súas almas as uvas da ira van desenvolvéndose e crescendo e algún día chegará a vendima.”

John Steinbeck, As uvas da ira, 1939.

“O traballo do home e da natureza, o produto das cepas e das árbores, debe ser destruído para que se manteña o curso dos prezos, o que significa unha abominación que excede calquera outra. Hai cargamentos de laranxas arroxadas por todas partes, a xente vén de lonxe para collelos, pero non o conseguen (...), porque se envía a homes encargados de regar con petróleo as cheas de laranxas (...). E os nenos atacados pola pelagra morren porque cada laranxa debe render un beneficio. E como causa do falecemento descríbese no rexistro: morte por subnutrición. E todo isto porque os alimentos podrécese, porque se lles forza a que se podrezan. No alma da xente engordan e maduran as uvas da ira anunciando próximas vendimas”.

John Steinbeck. As uvas da ira, 1939.

“O ensanche das funcións do Estado, necesario para a adaptación recíproca da propensión a consumir e da incitación a investir, parecería (a algúns) unha horrible infracción dos principios individualistas. Este ensanche parécenos o contrario e o único medio para evitar a destrución completa das institucións económicas actuais, e a condición para un feliz exercicio da iniciativa individual”

J. M. Keynes. Teoría xeral sobre o emprego, o interese e a moeda. 1936.

“A nosa máis ardua tarefa, a primeira, é facer que o pobo volva ao traballo. Non é un problema insoluble se nos enfrontamos a el con prudencia e valentía. Pode realizarse, en parte, mediante a contratación directa por parte do goberno, actuando como nun caso de guerra pero, ao mesmo tempo levando a cabo os traballos máis necesarios, a partir destas persoas contratadas, para estimular e reorganizar a utilización dos nosos recursos naturais”

Discurso de toma de posesión de F. D. Roosevelt. Marzo de 1933.







Crack do 29, NIC.

Índices anuais de produção manufacturera 1913-1938

	1913	1920	1925	1929	1930	1932	1934	1936	1938
Mundo	100	93,2	120,7	153,5	137,5	108,4	136,4	178,1	182,7
Estados Unidos	100	122,2	148,0	180,8	148,0	93,7	121,6	171,0	143,0
Alemaña	100	59,0	94,9	117,3	101,6	70,2	101,8	127,5	149,3
Reino Unido	100	92,6	86,3	100,3	81,3	82,5	100,2	119,1	117,6
Francia	100	70,4	114,3	142,7	139,9	105,4	111,4	116,3	114,6
URSS	100	12,8	70,2	181,4	235,5	326,1	437,0	693,3	857,3
Italia	100	95,2	156,8	181,0	164,0	123,3	134,7	169,2	195,2
Xapón	100	176,0	221,8	324,0	294,9	309,1	413,5	483,9	552,0



Parados por países entre 1929 y 1933



Primera Guerra Mundial

Deudas europeas frente a Estados Unidos

